

Declaración responsable para a inscrición no Rexistro de Centros e Entidades de Formación para o Emprego da Xunta de Galicia, de entidades de formación para impartir, na modalidade presencial, especialidades formativas non dirixidas á obtención de certificados de profesionalidade incluídas no catálogo de especialidades formativas do Servizo Público de Emprego Estatal.

(Artigo 15.4 da Lei 30/2015, do 9 de Setembro, pola que se regula o sistema de formación profesional para o Emprego no ámbito laboral)

DATOS DA ENTIDADE						
RAZÓN SOCIAL					NIF	
TIPO	NOME DA VÍA			NÚMERO	BLOQUE	ANDAR PORTA
PARROQUIA				LUGAR		
CÓDIGO POSTAL	PROVINCIA	CONCELLO		LOCALIDADE		
TELÉFONO 1	TELÉFONO 2	CORREO ELECTRÓNICO				

E, NA SUA REPRESENTACIÓN (deberá acreditarse a representación fidedigna por calquera medio válido en dereito)

NOME/RAZÓN SOCIAL	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF

DATOS PARA EFECTOS DE NOTIFICACIÓN

Todas as notificacións ás persoas interesadas realizaranse só por medios electrónicos a través do Sistema de notificación electrónica de Galicia-Notifica.gal <https://notifica.xunta.gal>

Só se poderá acceder á notificación co certificado electrónico ou Chave365.

Enviaranse avisos da posta á disposición da notificación no correo electrónico e/ou teléfono móbil facilitados a seguir e que poderán cambiar en calquera momento a través de Notifica.gal:

TELÉFONO MÓBIL	CORREO ELECTRÓNICO

DATOS DAS INSTALACIÓNS DE FORMACIÓN E DAS ESPECIALIDADES FORMATIVAS

No caso de existir máis dun centro ou instalacións do mesmo titular (con distinto domicilio) deberanse cubrir os datos para cada un deles.					NÚMERO DE INSCRICIÓN	
TIPO	NOME DA VÍA			NUMERO	BLOQUE	ANDAR PORTA
PARROQUIA		LUGAR		CONCELLO		LOCALIDADE
CÓDIGO POSTAL			PROVINCIA			
TELÉFONO	TELÉFONO MÓBIL	CORREO ELECTRÓNICO				

Relación de especialidades formativas **non dirixidas á obtención de certificados de profesionalidade** para as que solicita a inscrición, que se impartiran nestas instalacións de formación e respecto das que presenta esta declaración responsable. As especialidades deberán estar recollidas no Catálogo de Especialidades Formativas do Servizo Público de Emprego Estatal.

CÓDIGO DA ESPECIALIDADE	ESPECIALIDADE FORMATIVA	NÚMERO DE ALUMNOS	AULA (*)

(*) Lembre que a denominación das aulas deberá coincidir coa que figura no plano visado de distribución, plano que lle será requirido nunha posterior inspección das instalacións por parte de persoal técnico da Consellería.

A PERSOA ASINANTE DECLARA RESPONSABLEMENTE:

Para os efectos da súa inscrición no Rexistro de entidades de formación profesional para o emprego da Comunidade Autónoma de Galicia e coa finalidade de impartir no ámbito territorial de Galicia as especialidades formativas anteriormente referenciadas incluídas no Catálogo de Especialidades do Servizo Público de Emprego Estatal e non conducentes á obtención de Certificados de Profesionalidade, que cumpre cos requisitos establecidos para cada unha das especialidades formativas relacionadas e dispón das instalacións e medios humanos suficientes que garanten a súa solvencia técnica para impartir a devandita formación, tanto teórica como práctica, así como a súa calidade, nos termos sinalados no artigo 15 da Lei 30/2015, de 9 de setembro (BOE núm. 217, do 10 de setembro), e no referido Catálogo de Especialidades.

Igualmente, declara responsablemente que cumpre cos requisitos, obrigas e compromisos establecidos no Decreto 106/2011, do 19 de maio (DOG núm. 110, do 9 de xuño), polo que se crea o Rexistro de Centros e Entidades de Formación para o Emprego da Consellería de Economía, Emprego e Industria e se regula o procedemento para a inscrición e, de ser o caso, a acreditación dos centros e entidades que impartan formación para o emprego no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia, e na Orde TMS/369/2019, pola que se regula o Rexistro Estatal de Entidades de Formación do sistema de formación profesional para o emprego no ámbito laboral, así como os procesos comúns de acreditación e inscrición das entidades de formación para impartir especialidades formativas incluídas no catálogo de especialidades formativas.

Así mesmo, comprométese a cumprir as obrigas establecidas para as entidades de formación na Lei 30/2015, do 9 de setembro, en particular as recollidas no artigo 16, e a de non subcontratar con terceiros a execución da actividade formativa, segundo o previsto nos artigos 9.3 e 14.2. da citada lei. Igualmente se compromete a cumprir as obrigas que se establezan na normativa de desenvolvemento da citada Lei 30/2015, do 9 de setembro e no devandito Decreto 106/2011, do 19 de maio.

A persoa abaixo asinante faise responsable da veracidade dos datos consignados, asumindo en caso contrario as responsabilidades que puidesen derivarse da súa inexactitude.

A inexactitude ou falsidade en calquera dato, manifestación ou documento, de carácter esencial, que se acompañou ou incorporou a esta declaración responsable, así coma o incumprimento dos requisitos, obrigas e compromisos establecidos, determinarán a imposibilidade de continuar coa actividade como entidade de formación para impartir formación profesional para o emprego, das especialidades formativas do Catálogo de especialidades formativas non dirixidas á obtención de certificados de profesionalidade, sen prexuízo do réxime de infraccións e sancións previsto na disposición final terceira da Lei 30/2015, do 9 de setembro e, en xeral, das responsabilidades penais, civís ou administrativas a que houber lugar.

A sinatura desta declaración responsable leva a aceptación das obrigas, requisitos e compromisos recolleitos na mesma.

DOCUMENTACIÓN QUE SE PRESENTA OU XA PRESENTADA ANTERIORMENTE			
<input type="checkbox"/> Xustificante do pago das taxas correspondentes ás especialidades solicitadas e, de ser o caso, a alta do centro.			
	ÓRGANO	CÓDIGO PROCED.	ANO
<input type="checkbox"/> Acreditación da capacidade legal suficiente para asinar a solicitude en nome e representación da entidade (escritura notarial de poderes ou calquera outro medio válido en dereito)			

COMPROBACIÓN DE DATOS Os documentos relacionados serán obxecto de consulta ás administracións públicas. No caso de que as persoas interesadas se opoñan a esta consulta, deberán indicalo no recadro correspondente e achegar unha copia dos documentos.	OPÓÑOME Á CONSULTA
DNI/NIE da persoa representante	<input type="checkbox"/>

CONSENTIMENTO PARA A COMPROBACIÓN DE DATOS A persoa interesada autoriza a consulta a outras administracións públicas dos seguintes datos. De non autorizar a consulta, deberá achegar o documento correspondente.	AUTORIZO A CONSULTA
NIF da entidade solicitante	<input type="checkbox"/> Si <input type="checkbox"/> Non

LEXISLACIÓN APLICABLE

Lei 30/2015, de 9 de setembro, polo que se regula o subsistema de formación profesional para o emprego no ámbito laboral (BOE núm. 217, do 10 de setembro).

Decreto 106/2011, do 19 de maio (DOG núm. 110, do 9 de xuño), polo que se crea o Rexistro de Centros e Entidades de Formación para o Emprego e se regula o procedemento para a inscrición e, se é o caso, acreditación dos centros e entidades que imparten formación para o emprego no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia.

Orde TMS/369/2019, pola que se regula o Rexistro Estatal de Entidades de Formación do sistema de formación profesional para o emprego no ámbito laboral, así como os procesos comúns de acreditación e inscrición das entidades de formación para impartir especialidades formativas incluídas no catálogo de especialidades formativas.

SINATURA DA PERSOA REPRESENTANTE

Lugar e data

	,	de		de	
--	---	----	--	----	--